

II. AUTORIDADES E PERSOAL

c) SUBSTITUCIÓNS

PRESIDENCIA

Decreto 146/2008, do 17 de xullo, polo que se encarga o despacho de asuntos da Consellería de Sanidade, durante a ausencia da súa titular, ao conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Con motivo da ausencia da conselleira de Sanidade é necesario prover a súa substitución.

Polo tanto, en uso das atribucións que me confire o artigo 26.7º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo único.-Durante a ausencia da conselleira de Sanidade, encargáselle o despacho de asuntos da citada consellería, desde o día 18 de xullo ata a súa incorporación, ao conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Santiago de Compostela, dezasete de xullo de dous mil oito.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

Orde do 9 de xullo de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán a concesión de subvencións para facilitar a autonomía persoal dirixidas ás persoas en situación de dependencia e se procede á súa convocatoria.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23º, asígnalle á comunidade autónoma competencia exclusiva en materia de asistencia social.

A Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais de Galicia, nos artigos 50 e 52, recolle a posibilidade de conceder de maneira singular prestacións económicas non periódicas, dentro do sistema de servizos sociais.

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, segundo a estrutura orgánica fixada polo Decreto 517/2005, do 6 de outubro, modificado polo Decreto 47/2007, do 15 de marzo, é o órgano responsable da dirección e control do desenvolvemento das

funcións e competencias que, en materia de servizos sociais, lle corresponden á Xunta de Galicia.

A Orde do 17 de decembro de 2007 (DOG do 21 de decembro de 2007) pola que se establecen os criterios para a elaboración do Programa individual de atención, fixación das intensidades de protección dos servizos, réxime de compatibilidade das prestacións e xestión das prestacións económicas do sistema para a autonomía e atención á dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia, en desenvolvemento do Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coa Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, establece na disposición adicional primeira que o departamento da Administración autonómica competente en materia de servizos sociais poderá, de acordo coas súas disposicións orzamentarias, establecer acordos específicos para a concesión de axudas económicas co fin de facilitar a autonomía persoal, apoiando a persoa con axudas técnicas e facilitando a accesibilidade e as adaptacións do fogar.

Neste marco xeral hai que incardinar esta orde, que ten por obxecto establecer as bases reguladoras da concesión de axuda económica para a promoción da autonomía persoal e prevención das situacións de dependencia, de conformidade co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento de desenvolvemento, no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, tendo en conta as posteriores modificacións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas que concede a Administración autonómica, no que non se opoña ao disposto na Lei de subvencións de Galicia, e na Lei 16/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade galega para o ano 2008, na cal se establecen os requisitos e as normas necesarias e básicas para a xestión e actividade económico-financiera, normativa á cal, en consecuencia, se adaptará esta orde, tendo en conta, en todo caso, os principios de publicidade, obxectividade e concorrencia.

Na súa virtude, en uso das facultades que teño atribuídas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto e finalidade destas axudas.*

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras de convocatoria pública para a concesión de subvención individual, de carácter non

periódico, para persoas en situación de dependencia, en réxime de concorrencia competitiva, empadroados na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A finalidade desta axuda é a de colaborar en determinados gastos, con efectos do 1 de xaneiro de 2008, destinados a:

* Apoiar a persoa con axudas técnicas ou produtos de apoio para o normal desenvolvemento da vida diaria.

* Facilitar as adaptacións funcionais do fogar que contribúan a mellorar a súa autonomía persoal e a previr situacións de dependencia maiores.

3. Unicamente poderán ser obxecto de financiamento para esta convocatoria as actuacións que se realicen no ano 2008.

4. As axudas económicas son complementarias do catálogo de servizos e das prestacións económicas derivados do sistema para a autonomía e atención á dependencia como consecuencia da aplicación da Lei 39/2006, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, e serán subsidiarias e, se é o caso, complementarias da carteira de servizos comúns de análoga natureza e finalidade do Servizo Galego de Saúde ou doutras liñas de actuación similares.

Artigo 2º.-*Requisitos dos solicitantes.*

1. Poderán ser beneficiarios da axuda regulada nesta orde as persoas que teñan recoñecida a situación de dependencia polo órgano de valoración da dependencia, segundo o establecido no Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, nos seguintes graos e niveis:

* Grado III, niveis 1 e 2.

* Grao II, nivel 2.

2. Ademais os solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Residir na Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Que a axuda solicitada derive da súa dependencia recoñecida.

c) Non ter percibido nos últimos dous anos axudas co mesmo fin que as solicitadas ao abeiro de convocatorias anteriores de análoga natureza, salvo que concorran as seguintes circunstancias:

-Que a adaptación ou axuda técnica solicitada sexa complementaria da anteriormente concedida, para os efectos de previr a situación de dependencia ou de promover a autonomía persoal do solicitante.

-Que a adaptación ou axuda técnica solicitada sexa distinta das anteriormente concedidas e se deba a un agravamento da situación de dependencia.

-Que a natureza ou carácter da axuda técnica ou produto de apoio para o normal desenvolvemento da vida diaria recoñecido en anteriores convocatorias sexa precedido pola normal deterioración.

Neste suposto, se a solicitude se debe a unha substitución da axuda técnica por agravamento da situación de dependencia, para poder realizar a solicitude será necesario doar a axuda técnica/produto de apoio ao servizo de préstamos de axudas técnicas.

d) Os establecidos con carácter xeral para obter a condición de beneficiario de subvencións no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. No momento de ditarse a resolución da axuda debe persistir a súa necesidade.

Artigo 3º.-*Actuacións subvencionables.*

a) Adaptación funcional do fogar e supresión de barreiras arquitectónicas e de comunicación no interior da vivenda:

Definición de adaptación funcional do fogar: a adquisición, instalación e adaptación daqueles mecanismos e útiles necesarios para procurar a maior autonomía posible nas actividades da vida diaria na vivenda habitual das persoas en situación de dependencia.

Definición de barreira arquitectónica: entenderase por barreira arquitectónica calquera impedimento, traba ou obstáculo que limite ou impida o acceso, a liberdade de movemento, a estancia, a circulación das persoas con mobilidade reducida, a comunicación sensorial ou calquera outra limitación.

Para estes efectos, considéranse actuacións subvencionables aquelas accións destinadas a facilitar o acceso, a mobilidade, a comunicación e a realización das actividades básicas da vida diaria, tanto en vivendas unifamiliares como nas de propiedade horizontal no interior do fogar.

No caso de que o obxecto da axuda sexa a eliminación de barreiras, será requisito que o gasto das obras non corresponda á comunidade de propietarios, de conformidade co previsto nos artigos 10 e 11 da Lei 49/1960, de propiedade horizontal, segundo redacción dada pola Lei 51/2003, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

Contía máxima subvencionable:

* Adaptación funcional do fogar: 2.500 euros.

* Eliminación de barreiras arquitectónicas e de comunicación no interior da vivenda: 3.000 euros.

b) Adquisición de axudas técnicas ou produtos de apoio:

a.-Considéranse axudas técnicas ou produtos de apoio calquera produto, dispositivo, equipamento, instrumento, tecnoloxía e software, fabricado especialmente ou dispoñible no mercado, para previr,

compensar, controlar, mitigar ou neutralizar deficiencias ou limitacións na actividade e restricións da participación.

b.-Non obstante, as axudas técnicas ou produtos de apoio que poidan ser obxecto de subvención deberán ser susceptibles de ser incluídas nalgún dos puntos da seguinte clasificación:

I. Produtos de apoio para o aseo e hixiene persoal.

II. Produtos de apoio para a alimentación.

III. Produtos de apoio para a mobilidade, posicionamento e protección persoal.

IV. Produtos de apoio para a comunicación aumentativa e alternativa.

V. Produtos de apoio para o acceso ás tecnoloxías da información e comunicación (TIC).

VI. Produtos de apoio para persoas con discapacidade auditiva.

VII. Produtos de apoio para persoas con discapacidade visual.

c.-Terá prioridade a solicitude de subvención daquelas axudas técnicas que figuran no anexo I desta orde.

d.-Os produtos de apoio para a mobilidade inclúen a adaptación de automóbiles ou vehículos d motor.

e.-En calquera caso, as axudas técnicas ou produtos de apoio solicitados deberán cumprir as determinacións establecidas nas normas ISO, ou aquelas que fosen aplicables.

f.-Serán subvencionables aquelas axudas técnicas ou produtos de apoio que non sexan cubertas polo catálogo de prestacións ortoprotésicas do Servizo Galego de Saúde, ou calquera outra administración pública ou privada, debendo presentar documentación acreditativa da denegación desta axuda.

Contía máxima subvencionable: 2.500 euros.

Artigo 4º.-*Crédito orzamentario.*

O financiamento da concesión das axudas previstas nesta orde efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria 05.41.312A.481.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008, cun importe de 600.000 euros.

Non obstante, a dita asignación orzamentaria poderá ser incrementada de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias. Neste suposto, segundo o establecido no artigo 31.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, realizarase unha nova convocatoria, agás nos supostos que recolle o devandito artigo.

Artigo 5º.-*Presentación de solicitudes.*

1. As solicitudes debidamente asinadas polo beneficiario ou o seu representante legal ou gardador de feito, formalizaranse co modelo que se xunta a esta

orde como anexo III e presentaranse nas delegacións provinciais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar do ámbito da súa residencia, ou por calquera das canles previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O modelo oficial da solicitude estará á disposición dos interesados, nas delegacións provinciais da Igualdade e do Benestar, nos servizos de atención primaria e especializada nos concellos, así como na páxina web da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar (<http://vicepresidencia.xunta.es>) e na Rede de Apoio á Autonomía Persoal (<http://www.coidanet.com>).

3. O prazo para a súa presentación será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 6º.-*Documentación.*

1. As solicitudes deberán vir acompañadas da seguinte documentación xeral:

a) Fotocopia compulsada do DNI, partida de nacemento ou outro documento análogo do beneficiario e, se é o caso, do representante legal ou gardador de feito.

b) Certificación do padrón municipal de habitantes, comprensivo de todos os conviventes.

c) Orzamento detallado do gasto que se vai realizar.

d) Declaración do imposto sobre a renda da unidade familiar de convivencia, correspondente ao último exercicio, así como as pensións ou prestacións percibidas nese exercicio, que estivesen exentas de tributación polo IRPF (a título ilustrativo indícanse as seguintes: incapacidade permanente absoluta, grande invalidez, prestacións por fillo a cargo, PNC...). No caso de non ter a obriga de presentar a declaración do IRPF, deberán achegar certificación negativa da correspondente delegación da Axencia Estatal de Administración Tributaria, así como os correspondentes xustificantes de ingresos do solicitante e da totalidade dos membros da unidade familiar de convivencia.

e) Declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para un mesmo fin das distintas administracións públicas competentes, para os efectos do disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Os solicitantes e, se é o caso, aqueles que teñan a súa representación, non estarán obrigados a achegar información, datos ou documentación que estean xa en poder da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia o que, de acordo coa lexislación vixente, poida esta obter polos seus propios medios, para o que se requirirá autorización expresa das persoas interesadas.

Artigo 7º.-*Emenda de erros.*

Se a solicitude non reunise os requisitos establecidos nesta orde para cada caso concreto, o interesado será requirido, para que no prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da recepción do dito requirimento, achegue a documentación necesaria ou emende os defectos observados, con indicación de que, se non o fixese, considerárase desistido da súa petición e procederase ao arquivo do expediente, nos termos previstos no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 8º.-*Comisión de valoración.*

1. Os expedientes, unha vez revisados e, se é o caso, completados, remitiranse á Comisión Provincial de Valoración, que terá a función de propoñer a concesión ou denegación da axuda, segundo os criterios de concesión e o baremo recollidos nesta orde e nas demais normas de desenvolvemento.

2. A Comisión Provincial de Valoración terá a seguinte composición:

a) Presidente: a persoa titular da xefatura do Servizo de Persoas Maiores, Persoas con Discapacidade e Menores.

b) Vogais: a persoa que ocupe a xefatura da sección de axudas, un/unha médico/a, un/unha terapeuta ocupacional e un/unha traballador social dos equipos de valoración da dependencia da delegación competente.

c) Secretario: o funcionario que para tal función designe o delegado provincial.

As reunións da comisión convocarase un/unha representante da Intervención territorial e un/unha traballador/a social dos servizos sociais de atención primaria, con voz pero sen voto.

Se por calquera causa algún dos seus compoñentes non pode asistir ás reunións, será substituído polo que designe o órgano competente para o outorgamento da axuda, debendo recaer o nomeamento noutro traballador do mesmo perfil profesional que o substituído.

Artigo 9º.-*Criterios de concesión da subvención.*

Para a elaboración da proposta de concesión da axuda, a Comisión Provincial de Valoración terá en conta o establecido no baremo recollido no anexo II desta orde, de acordo cos seguintes criterios:

1. Só poderá concederse, con cargo a esta convocatoria, unha axuda por solicitante.

2. No caso de que a axuda sexa susceptible de ser empregada por unha ou máis persoas en situación de dependencia que convivan no mesmo domicilio, concederase, se é o caso, unha única axuda da mesma natureza.

3. Atendendo ao criterio de individualidade establecido no artigo 1º da convocatoria, non se concederá axuda de eliminación de barreiras no acceso ao interior do fogar cuxa instalación se corresponda con zonas ou instalacións comunitarias e/ou de uso público.

Artigo 10º.-*Criterios de determinación da contía da subvención.*

1. A contía económica da subvención determinarase tendo en conta a capacidade económica do solicitante, conforme o no recollido na Orde do 17 de decembro, pola que se establecen os criterios para a elaboración do programa individual de atención, fixación das intensidades de protección dos servizos, réxime de compatibilidade das prestacións e xestión das prestacións económicas do sistema para a autonomía e atención á dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Para os efectos do previsto no número anterior, a contía da subvención percibirase integramente ou reducirase de acordo coa seguinte táboa:

Capacidade económica de acordo coa contía do IPREM	Contía da subvención
Menos dun IPREM	100%
De unha a dúas veces o IPREM	90%
De dúas a tres veces o IPREM	80%
De tres a catro veces o IPREM	70%
De catro a cinco veces o IPREM	60%
Máis de cinco veces o IPREM	50%

Artigo 11º.-*Resolución.*

1. Unha vez emitido o informe da comisión, elevarase aos/ás delegados/as provinciais da Igualdade e do Benestar, nos cales se delega a competencia para resolver a concesión ou denegación da axuda solicitada ao abeiro desta orde.

2. O prazo máximo para ditar e notificar aos interesados a resolución expresa será de seis meses, contados desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

O vencemento do citado prazo sen que se notifique a resolución expresa lexítima o interesado para entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

3. A resolución da concesión determinará o importe da axuda dentro dos límites establecidos nesta orde.

4. As resolucións expresas ou presuntas que se diten ao abeiro desta orde poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse, se é o caso, recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, contado a partir da notificación da resolución expresa ou de tres meses a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ante o mesmo órgano que as ditou, de acordo co previsto no artigo 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou ben directamente recurso contencioso adminis-

trativo ante a orde xurisdiccional competente, de conformidade co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (BOE nº 167, do 14 de xullo), no prazo de dous meses contados desde a súa notificación se o acto é expreso ou seis meses a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, e sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren oportuno.

Artigo 12º.-Modificación da resolución de concesión.

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e, en todo caso, a obtención concorrente das axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. Así mesmo, poderá acordarse a modificación da resolución da axuda, por instancia do beneficiario, sempre que se cumpran os requisitos previstos no artigo 12.2º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

Artigo 13º.-Obrigas dos beneficiarios, xustificación e pagamento da axuda.

1. O/A beneficiario/a deberá ter realizadas e xustificadas, consonte o establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, as actuacións que fosen obxecto de axuda antes do 31 de decembro. A este respecto, o rendemento da conta xustificativa do gasto efectuarase mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil.

2. Os beneficiarios veñen obrigados a destinar o importe destas á finalidade para a que se concedeu.

3. Manter en bo estado de conservación a axuda técnica e o instrumento necesario para o normal desenvolvemento da vida ordinaria que fosen obxecto de subvención e comunicar ao órgano concedente calquera alteración das circunstancias que impidan ou dificulten a súa utilización.

4. As delegacións provinciais da Igualdade e do Benestar aboaranlles aos beneficiarios a contía da axuda concedida, logo da presentación das facturas correspondentes e os xustificantes requiridos, se é o caso, na resolución da concesión.

5. No momento da xustificación da execución total da actuación, o petionario presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma actuación, de calquera administración ou ente público ou privado, estatal, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

6. O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actuación subvencionada.

7. A administración concedente poderá comprobar o valor de mercado dos gastos subvencionables por

calquera dos medios previstos no artigo 30.5º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

8. Os beneficiarios das axudas non poderán realizar ningún negocio xurídico que supoña alleamento ou gravame do ben obxecto da subvención.

9. A falta de presentación desta documentación entenderase como renuncia á axuda concedida e, logo da audiencia ao interesado, procederase conforme o disposto no artigo 42.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

10. Ademais, os beneficiarios das axudas están obrigados, conforme o disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a:

a) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, mentres poidan ser obxecto de actuacións de comprobación e control.

b) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedente, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

c) Comunicarlle ao órgano concedente ou á entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Artigo 14º.-Modificación da axuda técnica, instrumento ou actuacións para a adaptación funcional do fogar.

Con carácter excepcional e por razóns debidamente xustificadas, os/as beneficiarios/as da axuda económica poderán solicitar autorización previa para adquirir axudas técnicas ou instrumentos distintos aos inicialmente subvencionados ou modificar as adaptacións que se van desenvolver no fogar que fosen obxecto do recoñecemento da subvención, sempre que non se danen dereitos de terceiros.

Artigo 15º.-Reintegro da axuda.

1. Non se poderá exixir o pagamento da axuda concedida e procederá o reintegro total ou parcial da subvención ou axuda pública percibida e dos intereses de demora devengados desde o momento do seu pagamento ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro nos casos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

a) Incumprimento da obriga de xustificación ou xustificación insuficiente nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subven-

cións de Galicia e, se é o caso, nas normas reguladoras da subvención.

b) Obtención da subvención sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión, falseando as condicións requiridas para isto, ou ocultando aquelas que o impedisen.

c) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, actividade, proxecto ou non adopción do comportamento que fundamentou a concesión da subvención.

d) Incumprimento das obrigas impostas pola administración aos beneficiarios con motivo da concesión da subvención ou axuda pública, así como dos compromisos asumidos por eles, sempre e cando afecten ou se refiran ao modo en que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamente a concesión da subvención, ou daqueles compromisos distintos dos anteriores, cando disto derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

e) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no número 3 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

f) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 11 e 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como o incumprimento das obrigas contables, de rexistro ou de conservación de documentos cando disto derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

g) A adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal derive unha necesidade de reintegro.

h) Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.

2. Igualmente procederá o reintegro do exceso percibido nos supostos en que o importe da axuda, illadamente ou en concorrencia con axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actuación que vai desenvolver o beneficiario.

3. A tramitación do correspondente expediente de reintegro levarase de acordo co procedemento establecido no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. As cantidades que teñan que reintegrar os beneficiarios terán a consideración de ingresos de derei-

to público e será de aplicación para o seu cobramento o previsto nos artigos 19 ao 23 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Artigo 16º.-*Infraccións e sancións.*

Será de aplicación aos beneficiarios da axuda recollida nesta orde o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 17º.-*Publicidade de datos.*

Non será necesaria a publicidade da adxudicación da axuda de acordo co establecido no artigo 15.2º d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 13.6º a) da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública, no artigo 9.4º a) do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, ao poder ser contraria á salvagarda da intimidade persoal e familiar das persoas físicas.

Disposición adicional

Única.-Apróbase a delegación de competencias nos delegados provinciais da Igualdade e do Benestar, ao abeiro do establecido no artigo 7.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das subvencións previstas nesta orde, así como para autorizar e dispoñer os gastos, o recoñecemento das obrigas e a proposta dos pagamentos, en relación co disposto no artigo 73.a) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase o director xeral de Acción Social para ditar as normas que sexan necesarias para o desenvolvemento e a execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2008.

Anxo Manuel Quintana González
Vicepresidente da Igualdade e do Benestar

ANEXO I

Produtos de apoio ou axudas técnicas con prioridade para a subvención

1. Axudas técnicas para aseo e hixiene persoal:

a) Para evacuación:

* Cadeira para WC.

-Alza para WC.

* Cadeira con inodoro.

- b) Para baño e ducha:
- * Cadeira de baño.
 - * Táboa de baño.
 - * Padiola para baño e ducha.
 - * Ducha para cama.
2. Axudas técnicas para alimentación:
- * Cubertos adaptados.
3. Axudas técnicas para mobilidade, posicionamento e protección persoal:
- a) Para mobilidade persoal:
- * Cadeiras de rodas manual e eléctrica.
- b) Para mobilidade vertical:
- * Plataforma sobeescaleiras.
 - * Plataforma con rail.
 - * Cadeira salvaescaleiras.
- c) Para posicionamento:
- * Cadeira de brazos xeriátrica.
 - * Táboas e discos de transferencia.
 - * Coxín e saba para xirar.
 - * Guindastre.
 - * Cama articulada.
 - * Chalecos e cintos de protección.
- d) Para protección persoal:
- * Colchón antiescaras.
 - * Coxín antiescaras.
 - * Cintos de suxeición.
 - * Barandas de protección.
4. Axudas técnicas para comunicación:
- a) Axudas técnicas para lectura e escritura.
- b) Comunicación aumentativa e alternativa.
5. Produtos de apoio para o acceso ás tecnoloxías da información e da comunicación (TIC).
- * Dispositivos de entrada ás TIC.
 - * Dispositivos de saída ás TIC.
6. Produtos de apoio para persoas con discapacidade auditiva:
- a) Sistemas de frecuencia modulada.
- b) Axudas técnicas para comunicación telefónica.
- c) Avisadores luminosos (reloxos, despertadores, timbres, etc.).
7. Produtos de apoio para persoas con discapacidade visual:
- a) Axudas técnicas para comunicación telefónica.

- b) Produtos de apoio para o fogar.
- c) Instrumentos de lectura e acceso á información (lupas, prismáticos binoculares, telescopios, expansores do campo de visión, filtros de luz, etc.).
- d) Dispositivos de audiodescrición.
- e) Bastóns e accesorios para orientación e mobilidade.
- f) Máquinas de escribir e impresoras braille.

ANEXO II

Criterios de concesión da subvención: baremo

-Situación funcional da persoa.

1. Recoñecemento da situación de dependencia:

- a) Grao III nivel 2: 45 puntos.
- b) Grao III nivel 1: 35 puntos.
- c) Grao II nivel 2: 25 puntos.

-Contorno da persoa.

2. Características da vivenda:

- a) Existencia de barreiras no interior da vivenda: 15 puntos.
- b) Existencia de barreiras no acceso da vivenda: 10 puntos.

3. Condicións de habitabilidade:

- a) Existencia de dispositivos de risco en relación coa súa saúde: 15 puntos.
- b) Situacións de amoreamento, espazos reducidos: 10 puntos.

4. Emprazamento:

- a) Illada do núcleo de poboación e con dificultades de comunicación: 15 puntos.
- b) Illada do núcleo de poboación e sen dificultades de comunicación: 10 puntos.

5. Características da unidade de convivencia.

- a) O solicitante reside con unidade de convivencia con cargas: laborais, menores, maiores e/ou outras persoas dependentes: 10 puntos.

-Situación económica.

Capacidade económica de acordo coa contía do IPREM	Puntuación
Menos dun IPREM	25
De unha a dúas veces o IPREM	20
De dúas a tres veces o IPREM	15
De tres a catro veces o IPREM	10
De catro a cinco veces o IPREM	5
Máis de cinco veces o IPREM	0



PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS PARA FACILITAR A AUTONOMÍA PERSOAL DIRIXIDAS ÁS PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO VP661A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

I. DATOS PERSOAIS DO/A SOLICITANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
IDENTIFICACIÓN <input type="checkbox"/> DNI/NIF <input type="checkbox"/> NIE <input type="checkbox"/> Pasaporte/Outro N.º <input type="text"/>		
DATA DE NACEMENTO (Día/Mes/Ano)	SEXO <input type="checkbox"/> Home <input type="checkbox"/> Muller	NACIONALIDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
DOMICILIO		CÓDIGO POSTAL
<input type="text"/>		<input type="text"/>
LOCALIDADE	PROVINCIA	COMUNIDADE AUTÓNOMA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TELÉFONO FIXO	TELÉFONO MÓBIL	ENDEREZO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

II. DATOS DO/A REPRESENTANTE LEGAL/GARDADOR/A DE FEITO

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
IDENTIFICACIÓN <input type="checkbox"/> DNI/NIF <input type="checkbox"/> NIE <input type="checkbox"/> Pasaporte/Outro N.º <input type="text"/>		
DOMICILIO		CÓDIGO POSTAL
<input type="text"/>		<input type="text"/>
LOCALIDADE	PROVINCIA	COMUNIDADE AUTÓNOMA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TELÉFONO FIXO	TELÉFONO MÓBIL	ENDEREZO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
RELACIÓN CO/A INTERESADO/A	<input type="checkbox"/> REPRESENTANTE LEGAL <input type="checkbox"/> GARDADOR/A DE FEITO	
<input type="text"/>		

III. DATOS DA SUBVENCIÓN SOLICITADA

CONCEPTO	DESCRIPCIÓN DA AXUDA SOLICITADA	CONTÍA SOLICITADA
<input type="checkbox"/> Adaptación funcional do fogar	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/> Produto de apoio / axuda técnica	<input type="text"/>	<input type="text"/>

IV. DECLARACIÓN XURADA DE AXUDA POLO MESMO CONCEPTO NOS DOUS ÚLTIMOS ANOS

ANO	CONCEPTO	INSTITUCIÓN	CONTÍA SOLICITADA	CONTÍA CONCEDIDA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

V. DATOS BANCARIOS

TITULAR DA CONTA	DNI		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		
ENTIDADE	SUCURSAL		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		
ENTIDADE	BANCO	DC	NÚMERO DE CONTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Conformidade da entidade bancaria			
<input type="text"/>			

VI. DATOS DO OBXECTO DA SUBVENCIÓN

- a. Fotocopia compulsada do DNI, partida de nacemento ou outro documento análogo do beneficiario e, se é o caso, do representante legal ou gardador de feito.
- b. Certificación do padrón municipal de habitantes, comprensivo de todos os conviventes.
- c. Orzamento detallado do gasto que se vai realizar.
- d. Declaración do imposto sobre a renda da unidade familiar de convivencia, correspondente ao último exercicio, así como as pensións ou prestacións percibidas nese exercicio, que estivesen exentas de tributación polo IRPF (a título ilustrativo indícanse as seguintes: incapacidade permanente absoluta, grande invalidez, prestacións por fillo a cargo, PNC...). No caso de non ter a obriga de presentar a declaración do IRPF, deberán achegar certificación negativa da correspondente delegación da Axencia Estatal de Administración Tributaria, así como os correspondentes xustificantes de ingresos do solicitante e da totalidade dos membros da unidade familiar de convivencia.
- e. Declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para un mesmo fin das distintas administracións públicas competentes, para os efectos do disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os solicitantes e, se é o caso, aquelas que teñan a súa representación, non estarán obrigados a achegar información, datos ou documentación que estean xa en poder da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ou que, de acordo coa lexislación vixente, poida esta obter polos seus propios medios, para o que se requirirá autorización expresa das persoas interesadas.

Quen abaixo asina **DECLARA QUE:** todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se xuntan son verdadeiros, e non existe omisión de datos, así como que nos dous últimos anos non percibiu axuda doutro organismo polo mesmo concepto nin a prestación gratuíta do servizo e que, se obtívase unha ou outra, comunicarao a esa delegación, para o efecto de redución, rescisión ou reintegro procedente.

Que autoriza a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para que realice as consultas necesarias de ficheiros públicos para os únicos efectos de comprobar a veracidade dos datos declarados, así como obter directamente e polos medios telemáticos, da Axencia Tributaria a información tributaria correspondente, relativa ao imposto sobre a renda das persoas físicas.

<p>LEXISLACIÓN APLICABLE</p> <p><i>Orde do 9 de xullo de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán a concesión de subvencións para facilitar a autonomía persoal dirixidas ás persoas en situación de dependencia e se procede á súa convocatoria.</i></p>
<p>SINATURA DO BENEFICIARIO, OU DO SEU REPRESENTANTE LEGAL OU GARDADOR DE FEITO, SE É O CASO</p> <p style="text-align: center;">_____, de _____ de _____</p>

<p>(Para cubrir pola Administración)</p>		<p>NÚMERO DE EXPEDIENTE</p> <p>_____</p>
<p>RECIBIDO</p> <div style="border: 1px solid black; height: 40px; width: 100%;"></div>	<p>DATA DE ENTRADA</p> <p>____/____/____</p>	
<p>REVISADO E CONFORME</p> <div style="border: 1px solid black; height: 40px; width: 100%;"></div>	<p>DATA DE EFECTOS</p> <p>____/____/____</p>	
		<p>DATA DE SAÍDA</p> <p>____/____/____</p>

ANEXO IV

Don/Dona con DNI/NIE nº

e con motivo da solicitude de subvención individual para facilitar a autonomía persoal, segundo a orde do _____,
publicada no DOG do _____.

AUTORIZA a Secretaría Xeral do Benestar, para que, conforme o disposto no artigo 2.4º da orde do Ministerio de Economía e Facenda do 18 de novembro de 1999, solicite da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Consellería de Economía e Facenda a información a que se refire o artigo 78.4º c) da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, en relación co cumprimento das miñas obrigas tributarias estatais e coa Comunidade Autónoma de Galicia.

_____, de _____ de _____

SINATURA

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

Resolución do 7 de xullo de 2008 pola que se procede á publicación das subvencións concedidas en virtude da Orde do 28 de febreiro de 2008, pola que se anuncian axudas económicas destinadas a subvencionar a realización de obras de construción, adaptación e mellora das sedes das entidades locais de Galicia.

De conformidade co disposto no artigo 18.1º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 15.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, procédese á publicación das subvencións concedidas por resolución do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Finalidade da axuda: realización de obras de construción, adaptación e mellora das sedes das entidades locais de Galicia.

Norma reguladora: Orde do 28 de febreiro de 2008, pola que se anuncian axudas económicas destinadas a subvencionar a realización de obras de construción, adaptación e mellora das sedes das entidades locais de Galicia (DOG nº 48, do 7 de marzo de 2008).

Aplicación orzamentaria: 06.08.141.A.760.0 do exercicio 2008.

Santiago de Compostela, 7 de xullo de 2008.

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Directora xeral de Administración Local

ANEXO

Concellos beneficiarios e importes concedidos:

Concello	Obra	2008 crédito orzamentario	2009 crédito orzamentario	2010 crédito orzamentario	2011 crédito orzamentario	2012 crédito orzamentario	Total
Provincia: A Coruña							
Brión	Reconstrución dun inmoble para casa do concello	100.000	40.000	165.000			305.000
Cambre	Reforma e ampliación da casa do concello	80.000	65.000	110.000	130.000	200.000	585.000
Carral	Rehabilitación integral da casa do concello	80.000	40.000	80.000	200.000		400.000
Curtis	Rehabilitación da casa do concello	80.000	40.000	50.000	130.000	145.000	445.000
Laracha, A	Construcción edificio para uso administrativo	54.000	30.000	50.000	190.000	115.000	439.000
Lousame	Adecuación da ampliación do concello e arquivo municipal	30.000					30.000
Mazaricos	Reforma da sede da casa do concello	50.000	40.000	76.000			166.000
Miño	Reforma e rehabilitación do local social A Rúa	35.000					35.000
Ordes	Reforma e ampliación da casa do concello	80.000	70.000	70.000	150.000	290.000	660.000
Outes	Rehabilitación da casa do concello	50.000	30.000	50.000	320.000		450.000
Pontedeume	Obras de reforma da casa do concello	50.000	42.000				92.000